

2- PUNTOS COMÚNS PARA TODOS OS CURSOS

1- Criterios de avaliación e cualificación

De 1º a 3º ESO (+ 1º Bacharelato adultos)

- Canto á **presentación das tarefas**
 - Entregar as tarefas ben presentadas e identificándose correctamente, nas datas que lles propoñemos.
 - Facer o traballo de auto-corrección que se lle pida, de maneira sistemática, e anotar todos os erros
 - Recoñecer o léxico e as estruturas gramaticais elementais xa estudadas, e nas escoitas en liña, recoñecer os actos de comunicación traballados tamén na aula, e utilízalos de maneira comprensible nos traballos individuais, como os que lle estamos a pedir agora.
- Canto á **comprensión e expresión escrita**, os criterios que temos que aplicar nesta situación serán:
 - Iniciarse na comprensión de textos escritos de natureza diversa e auténticos: anuncios, carteis.
 - Facer buscas en Internet para completar as informacións dadas no libro de texto.
 - Evitar erros ortográficos recurrentes que impiden unha correcta comprensión (concordancia en xénero e número, terminacións verbais, diferenciación gráfica de homónimos).

De 4º ESO a 2º Bacharelato(Diurno-nocturno)

- As mesmas que para 1º a 3º ESO canto á presentación e ademais,
- Canto á **comprensión e expresión escrita**, o criterio mais importante agora :
 - Comprender documentos comunicativos persoais menos formais (anuncios persoais; lendas de fotos; postais; tarxetas de agradecemento; mensaxes nas redes sociais). e documentos auténticos funcionais (axenda, informe policial, plano dunha cidade, cartel dunha película); cómics; fragmentos literarios sinxelos, curtos pero auténticos (poemas, novelas, contos); prensa e documentos informativos formais (horóscopo; historia de prendas; a alimentación do futuro)
 - Desenvolver a expresión escrita a partir de modelos e utilizando os conectores lóxicos do discurso (2º bacharelato)
 - Producir diferentes tipos de texto no marco do taller de escritura (ficha de presentación; correo electrónico para contar unha viaxe; cuestionario para facer unha enquisa na clase; postal de vacacións; tarxeta de agradecemento; relato de estilo literario.
 - Evitar erros ortográficos recurrentes que impiden unha correcta comprensión (concordancia en xénero e número, terminacións verbais, diferenciación gráfica de homónimos).

Criterios de cualificación para todos os grupos

1) Media da 1ª e 2ª avaliacións a) Aprobado + 1 (2) se fan todas as tarefas do 3º trimestre. b) Suspenso 2ª o media suspenso, se poderá sumar hasta 1 pto si la nota es de 3 y el alumno trabajó regularmente	2) Traballos e tarefas que o alumno envía para corrección desde o 16 de marzo , con un ritmo regular. + hasta un 1 punto (podrán suponer hasta 2 puntos en casos de trabajos de excelencia)
---	---

2- Procedemento para o cálculo da cualificación final para a avaliación ordinaria:

O cálculo da nota farase como quedou expresado na táboa anterior, da maneira seguinte:

1. Faise **media de 1ª e 2ª avaliación**. Se **o alumno aproba**, poderá sumarse 1 punto á nota media que teña. Poderá sumarse ata 2 en casos moi excepcionais, se o traballo é sempre excelente.
2. No caso dos alumnos que teñan unha media de suspenso, farán tarefas de reforzo, repaso ou se a profesora considera que é necesario, poderá facerse un exame de recuperación, que non ten a obriga de facer.
3. En caso de que o alumno esté suspenso con unha media de 3, entre as dúas avaliacións, a profesora poderá sumarlle 1 punto se fixo todas as tarefas encargadas e cumpriu os prazos, por suposto
4. O alumno que ten unha media de suspenso e que non traballa nin envía nada para corrección, queda suspenso para setembro, con todos os contidos da materia vistos ata o 16 de marzo. Sobre todo despois de ter estado os seus titores todo o tempo atrás deles.
5. Poderase avanzar materia en 2º Bacharelato, sobre todo, e a demanda dos alumnos, e nalgún outro curso, poderá ampliarse algún contido que esté relacionado con o xa visto nas dúas avaliacións anteriores, se os alumnos o demandan, porque lles interese para as probas ABAU ou para calquera outra proba.

3- MATERIAS PENDENTES

1- Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes:

Antes desta emerxencia sanitaria tiñamos establecido como todos os anos, que no caso dos alumnos que cursan a materia no curso posterior, será o profesor encargado de apreciar ou non a recuperación da materia pendente e no caso de que o alumno aprobase a 1ª e 2ª avaliación, tería aprobada a materia pendente do curso anterior, alén de ten que presentar á Xefa de Departamento o caderno de exercicios que lles foi entregado aos alumnos con materias pendentes, na 1ª reunión informativa que tivo lugar no mes de outubro, e que a Xefa de Departamento fixo chegar tamén aos alumnos que non asistiron a dita reunión, por mediación dos seus titores ou das súas titoras.

Só 4 alumnos dos 15 que teñen a materia de francés pendente de 1º, 2º ou 3º ESO, presentaron os exercicios correspondentes ao primeiro exame parcial, en xaneiro.

Pois ben, estes alumnos teñen que facer todas os exercicios correspondentes ao 2º parcial, tal como están sinalados nas páxinas do caderniño que lles foi entregado e que estes días será publicado nun curso creado para os alumnos pendentes.

O resto dos alumnos que non entregaron nada nin se presentaron ao 1º exame parcial, terán que enviar todos os exercicios á Xefa deste Departamento, María José Fernández Bañuelos.

A entrega destes exercicios ben feitos e ben presentados, contará ata 2 puntos, que se sumarán a nota do 1º parcial, sexa aprobado ou suspenso.

2- Criterios de avaliación e cualificación:

Os **criterios de avaliación prioritarios** neste caso serán:

- Cuidar a corrección ortográfica.
- Utilizar adecuadamente os signos de puntuación como medio para organizar a información.
- Presentar as actividades de acordo ás normas adoptadas.
- Entregar as tarefas ben presentadas e identificándose correctamente, nas datas previstas.
- Facer o traballo de auto-corrección que se lle pida, de maneira sistemática, e anotar todos os erros.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

- se sumarán hasta 2 puntos por cuadernillo bien hecho a la nota del primer parcial.
- si el alumno no se presentó al primer parcial, entregará todo el cuadernillo, en la fecha que se indique y tendrá que hacer otra tarea resumiendo lo que hizo

3- Procedementos de avaliación.

Para a recuperación da materia valorarase a corrección e calidade do traballo realizado.

En caso **de non recuperar a materia por calquera dos procedementos anteriormente descritos**, os alumnos terán **dereito a examinarse na convocatoria extraordinaria** do mes de **setembro**.

Vigo, 7 de maio de 2020

A Xefa do Departamento de Francés

María José Fernández Bañuelos